

Decálogo para reducir accidentes

- 1.- Cando se emprenda unha viaxe debe preverse con suficiente antelación evitando as prásas por chegar ao destino.
- 2.- Antes de iniciar a viaxe comprobarase que todos os ocupantes levan posto o cinto de seguridade.
- 3.- Lembre que durante o traxecto está terminantemente prohibido usar o móbil; de ser preciso utilizará un sistema mans libres homologado.
- 4.- É conveniente, en viaxes longas, realizar paradas cada 2 ou 3 horas ou cada 200 km.
- 5.- Cómpre prestarlles atención a todos os sinais de tráfico e moi especialmente aos que limitan as velocidades máximas.
- 6.- A bordo evitase todo aquilo que poida distraer o/a condutor/a como son discusións, música moi alta, chistes...
- 7.- A temperatura interior non debe ser demasiado alta xa que pode dar lugar a somnolencia.
- 8.- Hai que evitar que as comidas sexan excesivamente copiosas ou de difícil dixestión por induciren o sono.
- 9.- Cando se vai conducir evitase todo consumo de alcol e de medicamentos que poidan producir somnolencia.
- 10.- Se viaxa en moto non esqueza nunca poñer o casco.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

SE GU SEGURIDADE EN ACCIDENTES “IN ITINERE” E EN MISIÓN

XUNTA DE GALICIA

Accidentes “in itinere”

Os denominados accidentes “in itinere” son aqueles sinistros durante o camiño de ida e de regreso do traballo que carezan de interrupción voluntaria e que se leve a cabo polo camiño habitual.

En torno á metade destas desgrazas mortais en España teñen como causa os accidentes de traballo “in itinere”.

Accidentes en misión

Aqueles sufridos polo/a traballador/a no traxecto que teña que realizar para o cumprimento da misión encomendada.

Inclúe tamén esta definición aqueles que ocorren dentro da mesma xornada.

O exceso de confianza na condución dos/as usuarios/as habituais é un dos principais problemas de seguridade viaria que afectan ós polígonos industriais; un problema que se agrava porque é frecuente que se combine co desconcerto e coa desorientación dos/as condutores/as menos asiduos/as, provocados, entre outros factores, por unha sinalización confusa, na que habitualmente se superpoñen os criterios orientativos e os publicitarios.

Entre os problemas máis comúns encontramos os seguintes:

- Deficiencias en materia de sinalización.
- Cruzamentos indebidos de peóns.
- Sinalización confusa.
- Visibilidades obstaculizadas.
- Incumprimento de restricións.
- Deficiencias no equipamento complementario básico.
- Conservación deficiente do pavimento.
- Posibilidade de manobras complexas e perigosas.
- Distancias de visibilidade que posibilitan velocidades inadecuadas.
- Ausencia de información dos posibles movementos.
- Presenza de obstáculos sen protexer.

Gaña seguridade en catro tempos


Podemos gañar en seguridade seguindo catro simples pautas:

IDENTIFICAR anticipadamente o risco, desde os seus primeiros indicios, analizando a propia conduta e a dos demais condutores.

ANTICIPARSE a posibles situacións desfavorables, mediante unha actuación ‘defensiva’ que rebaixe o risco.

ACTUAR a tempo, desde a percepción mesma do risco.

PRESERVAR un espazo de seguridade que lle permita ao condutor actuar sen precipitación.



O triángulo da accidentabilidade

Tres son os factores que se consideran como determinantes na maioría dos accidentes ocorridos na estrada, xa sexan “in itinere” ou en misión:

- **Factor humano:** nun 85% dos casos é o/a traballador/a como condutor/a ou como transeúnte o/a causante do dano.
- **Factor técnico:** o vehículo, ou calquera que sexa o medio de transporte utilizado como equipo de traballo no caso de accidentes en misión, así como o seu mantemento periódico, incluídas as revisións obrigatorias son causa do 5% dos accidentes.
- **Factores ambientais:** o 10% restante constitúeno as condicións meteorolóxicas (neve, xeo, chuvia, néboa etc.), o estado da vía, incluso a súa sinalización.

